



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



# ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE CERDIDO CON DATA 04 DE XULLO DE 2025

En Cerdido, sendo as 19:00 horas do día 04 de xullo de 2025 reúnen-se na Casa do Concello, ao obxecto de celebrar a sesión pública ordinaria e en primeira convocatoria.

**Preside:** D. Alberto Rey Paz

**Asisten:**

D<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez  
D. Darío Santalla López  
D<sup>a</sup> María de los Dolores Pita Anca  
D. Diego Graña Pérez  
D<sup>a</sup> Rocío Martínez Martínez

**Non asisten, con causa xustificada:**

D. Brais Prieto Verdial  
D. Julián Blanco Rodríguez  
D. Jose Manuel Luaces Piñón

**Secretario:** Ignacio H. Domínguez Simons

Constátase a presenza de membros deste órgano en **quórum suficiente**.

**Os concelleiros recoñecen haber recibido toda a documentación dos asuntos incluídos na orde do día** que debe servir de base ao debate, e no seu caso a votación, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar o asunto único da **ORDE DO DÍA:**

**1. Elevar ao Pleno a proposta de iniciación do expediente de contratación da obra de adecuación do edificio da casa da cultura do Concello de Cerdido, para a súa aprobación como órgano competente**

O Alcalde fai a seguinte proposta:

- Elevar ao Pleno a proposta de incoación do expediente de contratación da obra de adecuación do edificio da casa da cultura do Concello de Cerdido, para a súa aprobación como órgano competente.
- Aprobar o proxecto técnico redactado por Iago Pedreira Bestilleiro e o prego de cláusulas administrativas particulares que constan no expediente.
- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)

981 41 10 00

[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) correo@cerdido.es



Lida a proposta, o Alcalde pide ao secretario que explique o estado de tramitación no que se atopa o expediente de contratación da obra de adecuación da casa da cultura.

O secretario informa que os pregos que se presentan a aprobación polo pleno, así como o proxecto, xa foron estudados pola empresa TRAGSA. Tamén foron sometidos ao informe de análise de riscos por parte do PREMADECOR. Que todos eses pasos xa se foron adiantando por mor da urxencia de adjudicación, xa que o prazo para rematar a obra é moi curto.

Feitas estas aclaracións, e sen que ningún asistente solicite algunha aclaración mais, sométese a proposta a votación co seguinte resultado.

ASISTENTES: 6 concelleiros.

VOTOS A FAVOR: 6 de 6 asistentes.

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Así as cousas, o Pleno do Concello de Cerdido en sesión ordinaria celebrada o día 04 de xullo de 2025, aprobou por maioría absoluta a seguinte proposta:

- Incoar do expediente de contratación da obra de adecuación do edificio da casa da cultura do Concello de Cerdido.
- Aprobar o proxecto técnico redactado por Iago Pedreira Bestilleiro e o prego de cláusulas administrativas particulares que constan no expediente.
- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E sen mais asuntos a tratar, sendo as 19: 09 minutos do día 04 de xullo de 2025, o alcalde, don Alberto Rey Paz, da por rematada a sesión, do que eu, Ignacio H. Domínguez Simons, como secretario do Concello de Cerdido, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE**